ALICERCES

Revista de estudos sobre o Miño Medio

Tomo IV (2018) Chantada - Lugo

ALICERCES

Revista de Estudos do Miño Medio

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xosé Méndez Pérez
(director)

Claudio Otero Eiriz

Andrés Pavón Ramírez

Begoña González Aguiar

Tamara González López

Pablo Rubén Jorge Eyré

Deseño de portada
Lomarti

Edición
Irmandade Cultural País do Faro

Maquetación
Ricardo Pichel

Impresión
Imprenta Besbello (Chantada, Lugo)

ISBN/ISSN: 978-84-09-11006-3
DL: LU 56-2019

Índice

Limiar 7

Estudos

Pilar Vázquez Cuesta, a lusitanista nacida en Chantada
Ramón Villares 13

Patrimonio material da freguesía de San Lourenzo de Fión (O Saviñao)
Begoña González Aguiar 19

Un foro outorgado por Afonso de Moure, xuíz de Chantada (1496): estudo e edición dun documento complementario á colección diplomática de San Salvador de Asma
Miguel García-Fernández 43

A Pousa de Saá. Evolución da súa liñaxe da fidalguía ó condado. Séculos XV a XIX
José Luis Díaz-Castroverde Lodeiro 73

Usos e conflitos da auga en San Fiz de Asma a finais do Antigo Réxime
Ramón Falcón Galiñares 93

As lipsanotecas do altar da igrexa románica de Brigos (Chantada-Lugo)
Xosé Méndez Pérez 111

Abades e capeláns no antigo arciprestado de Castrovermún
Óscar González Murado 137

Ferramentas e fontes

Unha espontánea nas terras do Asma: instrumentos para o control da muller
Tamara González López 183

O "Alcázar, Casa Fuerte y Fortaleza" de Chantada: unha memoria esvaecida da que xa ninguén se lembra
Xosé Méndez Pérez 193

Creatividade

Soneto
Xosé Miranda 209

Espiga á soidade
Sonia Arias López 211

Aldea
Sonia Arias López 213

Cea para dous
Pablo Rubén Eyré 215

Recensións

Claudio Otero Eiriz, *A Chantada fabril. Os curtidos do Asma na Idade Contemporánea*, 2015.
Tamara González López 219

José María Pérez González (dir.), *Enciclopedia del Románico en Galicia. Lugo*, 2018.
Tamara González López 221

Un foro outorgado por Afonso de Moure, xuíz de Chantada (1496): estudo e edición dun documento complementario á colección diplomática de San Salvador de Asma*

Miguel García-Fernández
Universidade de Santiago de Compostela
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

A publicación e estudo de documentos medievais inéditos –e incluso a reedición revisada dalgúns previamente publicados– é unha tarefa moi necesaria que, a día de hoxe, non conta coas mellores perspectivas de futuro ante a redución da formación paleográfica da mocidade investigadora e unha certa infravaloración das tarefas de localización e transcrición documental como obxectivos fundamentais en proxectos de investigación básica. Porén, calquera investigador debe ser consciente da importancia e do notable avance que supón dispoñer de colecciónsdiplomáticas elaboradas e publicadas con rigorosidade metodolóxica. Sen dúbida, obras realizadas baixo esta concepción facilitan ao conxunto da comunidade científica o acceso directo á información das fontes primarias e, polo tanto, á marxe dos intereses de cada un, son traballos que están chamados a ser parte fundamental da nosa historiografía durante moito tempo, máis alá das modas ou interpretacións analíticas que moitas veces se ven superadas ou renovadas co tempo. Entre algún outro traballo destas características que acaba de aparecer recentemente[1], para o estudo do Miño Medio cómpre

* Este traballo enmárcase dentro do proxecto de investigación "La casa señorial en Galicia (siglos XIII-XVI). Materiales para su estudio" (HAR2017-82480-P), dirixido polo Dr. Pablo S. Otero Piñeyro Maseda.

[1] Merece ser destacada a obra de María Ascensión Enjo Babío, *Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense (s. XIV). Estudio introductorio y transcripción*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento; Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2018, 2 vols. Este traballo forma parte da colección "Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos" (neste caso o núm. XLVI) ao igual que a colección diplomática do mosteiro de Chantada (núm. XL). Esta liña editorial evidencia o compromiso do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento coa edición de fontes. Para

nomear *El monasterio de San Salvador de Chantada (siglos XI-XVI). Historia y documentos*[2], obra da que xa demos conta nun volume anterior desta revista[3]. Estes traballos esixen uns esforzos e tempos que, ante un panorama investigador como o actual, que desexa e esixe resultados fundamentalmente a curto prazo, acaban convertidos en proxectos dificilmente asumibles por parte dos investigadores. En todo caso, o obxectivo deste artigo é moito máis modesto: editar un foro relacionado con Chantada que até o de agora pasou practicamente desapercibido para a historiografía[4]. Iso si, a nosa pretensión nace dun compromiso máis amplo que cremos fundamental implantar entre os novos historiadores: dar a coñecer, mediante a súa transcrición e de forma constante, novas fontes documentais sobre a Galicia medieval.

Á marxe do dito, resulta evidente que recuperar e transcribir novas fontes non entra en contradición –moi ao contrario– con que os historiadores centren os seus esforzos en achegarse a elas desde unha perspectiva esencialmente analítica, é dicir, que procedan a estudar esas fontes coa rigorosidade dunha metodoloxía concreta e lonxe da inxenuidade ou deformación coa que ás veces poden ser lidas e interpretadas, sobre todo cando carecemos de espírito crítico. Por iso, esta edición do foro outorgado por Afonso de Moure en 1496 vai precedida dun pequeno estudo sobre o contido e as persoas que figuran

---

as fontes galegas tamén resulta obrigado referenciar o patrocinio editor do Consello da Cultura Galega, recentemente a través da colección e portal en rede *Gallaeciae Monumenta Historica* (<http://gmh.consellodacultura.org/>).

[2] José Méndez Pérez, Pablo S. Otero Piñeyro Maseda e Miguel Romaní Martínez, *El monasterio de San Salvador de Chantada (siglos XI-XVI). Historia y documentos*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento; Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 2016.

[3] Miguel García-Fernández, "[Recensión de] José Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada…*", *Alicerces. Revista de estudos sobre o Miño medio* III (2017), páxs. 285-291.

[4] Nun primeiro momento consideramos que este foro permanecía inédito. Mais, nas últimas revisións do traballo para a súa entrega definitiva, tivemos noticia dunha edición anterior en Fermín Bouza Brey, "Un documento foral para el estudio de la voz gallego «verbo»", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XI/33 (1956), páxs. 144-145. Quero deixar constancia do meu agradecemento a Xosé Méndez Pérez por facilitarme uns recortes xornalísticos de Nicandro Ares (*vid. infra*) a través dos que puiden localizar esta edición previa que me pasara totalmente desapercibida como tamén pasou para boa parte da historiografía. A pesar destas novas circunstancias, consideramos de utilidade a reedición do documento para revisar algúns erros de lectura –por outra parte mínimos. Neste sentido, non deixaría de resultar conveniente e incluso necesario revisar algunhas edicións documentais, sobre todo as máis antigas, para tratar de ofrecer á comunidade investigadora actual e futura unhas transcricións o máis rigorosas posibles.

no contrato pois, ao final, o que interesa en última instancia é ver a realidade socio-económica na que foron escriturados os documentos, que, á súa vez, son os que nos permiten, pasados os séculos, recuperar ese contexto.

1. Un foro da contorna chantadesa: do contido aos interrogantes

O negocio xurídico que reflicte o documento que queremos recuperar aquí é o outorgamento dun foro. Estamos, pois, ante un contrato mediante o que se procedía á cesión do usufruto duns determinados bens –transmitíase o dominio útil– a cambio dunha renda anual fixada no mesmo documento e sen que a persoa ou a institución que outorgaban o foro perderan os dereitos de propiedade e señorío sobre eses bens –conservaban, pois, o dominio eminente sobre os mesmos. Fronte aos arrendamentos, os foros adoitaban ser contratos de longa duración, ás veces incluso perpetuos. Así, máis alá das vidas dos primeiros foreiros[5] –e emprego o plural pois nun bo número de casos estamos ante matrimonios nos que ambos cónxuxes eran os receptores e, polo tanto, deben ser considerados como a primeira voz, independentemente de que un dos dous (o home ou a muller) morrera antes que o outro–, os foros adoitaban ter continuidade por varias "voces", é dicir, pola vida de varias xeracións que, no caso de ter descendencia, adoitaban ser os fillos ou fillas, netos ou netas, etc. Unha vez rematado o período de cesión establecido, a institución ou as persoas outorgantes do foro recuperaban o dominio útil e podían proceder a unha nova cesión. Ademais do pago da renda anual establecido no contrato –ben en especie, ben en diñeiro–, neste tamén adoitaban quedar fixados outros pagos ou obrigas que tiñan que ver fundamentalmente coa procura dun permanente recoñecemento da propiedade e do señorío en clave feudal de quen facía a concesión sobre os que recibían o contrato. De feito, en moitos dos foros concedidos polos mosteiros galegos durante a Plena e a Baixa Idade Media esixíase, por exemplo, que os foreiros foran obedientes e bos *vasalos* das institucións que lles concedían os foros. Por outra parte, facer uso dos bens tamén adoitaba implicar a obriga expresa de mantelos reparados e en determinadas condicións ligadas coa súa explotación e bo coidado, sempre co obxectivo último de evitar a súa

[5] Emprego aquí o termo *foreiro* coa acepción de "persoa que paga o foro ou que traballa unha propiedade cedida a foro", tal e como aparece recollida no *Dicionario da Real Academia Galega*. Porén, cómpre recoñecer que o mesmo termo tamén se emprega para referirse ao "dono dunha propiedade cedida a foro", como tamén figura no mesmo dicionario. Consulta en liña: <https://academia.gal/dicionario> (último acceso: 17/02/2019). Para romper esta ambigüidade semántica en ocasións vénse empregando o termo "aforante" para diferenciar ao outorgante do foro do "foreiro" ou receptor do mesmo.

perda. Independentemente da duración establecida no contrato, en ocasións os foreiros chegaron a dimitir, é dicir, renunciar aos foros dos que gozaban –ás veces invocando a vellez ou a imposibilidade de cumprir coas obrigas esixidas– ou procederon a traspasalos directamente a outras persoas, ben mediante unha renuncia que os desligaba definitivamente dos mesmos, ben converténdose en intermediarios entre os propietarios e os "subforeiros". Neste último caso, foi habitual que algúns pagaran unha renda reducida aos verdadeiros propietarios dos bens, ao mesmo tempo que os cedían a terceiras persoas para que os traballaran e lles pagaran un canon foral polo dereito de uso. Esta posición de intermediarios permitiu a moitas familias do campesiñado acomodado e, sobre todo, da pequena fidalguía obter importantes ganancias coas que consolidar e mellorar a súa posición social e económica.

En todo caso, os foros son un tipo de contrato agrario ben coñecido por parte dos historiadores de Galicia, xa que marcou en grande medida a nosa historia desde a Plena Idade Media até ben entrado o século XX[6]. De feito, trátase dun dos tipos documentais máis abundantes dentro das nosas fontes baixomedievais, protagonizando boa parte das colecciónns diplomáticas das institucións monásticas galegas[7]. A abundancia e reiteración das características

[6] Neste sentido continúa sendo referencia obrigada o estudo de María Luz Ríos Rodríguez, *As orixes do foro na Galicia medieval*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1993. Tamén para o período medieval, véxase Reyna Pastor, Isabel Alfonso Antón, Ana Rodríguez López e Pablo Sánchez León, *Poder monástico y grupos domésticos en la Galicia foral (siglos XIII-XV). La casa. La comunidad*, Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1990, onde aparecen diversas referencias ao mosteiro de Chantada xa que os autores empregaron a memoria de licenciatura de María Teresa [González] Balasch na que foi editada boa parte da documentación desta institución entre 1066 e 1455. Lamentablemente, a non ampliación do estudo con fondos inéditos de Chantada, sobre todo para a segunda metade do século XV –momento no que o volume de documentación foral experimenta un incremento pero que non editou a autora citada–, limita o estudo, especialmente no referido á cronoloxía que aquí máis nos interesaría. Xa para a Época Moderna, existe unha ampla bibliografía sobre o foro, dentro da cal resulta tamén un clásico Ramón Villares, *Foros, frades e fidalgos. Estudios de historia social de Galicia*, Vigo, Xerais, 1982. Máis alá destas contribucións de obrigada referencia dentro da renovación historiográfica do século XX, convén recordar que os foros xa foran obxecto de atención privilexiado en traballos máis recuados no tempo. Entre eles convén salientar o estudo de Manuel Murguía, *El Foro. Sus orígenes, su historia, sus condiciones*, Madrid, Librería de Bailly Bailliere, 1882 e o de José Villa-Amil y Castro, *Los foros de Galicia en la Edad Media*, Madrid, Establecimiento Tipográfico de los Sucesores de Rivadeneyra, 1884, entre outros.

[7] Na súa recente tese de doutoramento, José Antonio López Sabatel evidencia o peso dos foros nas colecciónns documentais previamente publicadas de sete institucións mo-

formais que empregaron os escribáns e notarios á hora de redactar este tipo de contratos ten permitido un tratamento case seriado destas fontes, ao mesmo tempo que levou a que nalgunhas edicións diplomáticas se prescindise da transcrición íntegra de cada instrumento[8]. Mais, lonxe de ser un problema, a "homoxeneidade" do formulario notarial dos foros e a súa abundancia para períodos cronolóxicos relativamente amplos permite avanzar nun baleirado rápido e sistemático ao mesmo tempo que, posteriormente, favorece aproximacións analíticas de natureza cuantitativa[9]. Trátase dun proceder que non é factible para o estudo de boa parte da outra documentación medieval conservada xa que nela adoita primar a diversidade e as cronoloxías por tipo documental non acostuman ter a mesma continuidade que as que se observan no caso dos foros. En relación co mosteiro de Chantada, aínda que xa existen algunhas aproximacións á súa realidade foral, estas deberán ser revisadas e ampliadas a raíz da recente publicación da colección diplomática desta institución, pese a que as tendencias detectadas non parecen ser alleas ás lóxicas xerais rexistradas noutras áreas e institucións monásticas galegas[10].

---

násticas coas seguintes cifras: en San Vicente de Pombeiro, de 256 documentos, 210 son foros (82,03%); en San Vicente do Pino, de 430, 359 foros (82,71%); en Santa María de Ferreira de Pantón, de 185, 136 foros (73,51%); en Santo Estevo de Ribas de Sil, de 203, 167 foros (82,26%); en San Pedro de Rocas, de 306, 283 foros (92,48%); en Santa Cristina de Ribas de Sil, de 103, 58 foros (56,31%); en Santa María de Xunqueira de Espadañedo, de 61, 59 foros (96,72%). Un total de 1544 documentos rexistrados, nos que os foros representan unha clara maioría do 82,38 %. José Antonio López Sabatel, *Tierra y campesinado en la Ribeira Sacra durante los siglos XIV y XV*, Madrid, Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2016, tese de doutoramento inédita, páx. 24.

[8] Este proceder, que non compartimos e consideramos que sería bo que fora corrixido nos próximos tempos, pode verse nalgunha publicación como Manuel Lucas Álvarez e Pedro Pablo Lucas Domínguez, *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*, Santiago de Compostela, Obra Social Caixa Galicia, 1988.

[9] Este enfoque foi aplicado no xa citado estudo de Pastor *et alii*, *Poder monástico…*, grazas ao baleirado da documentación de diversas institucións monásticas publicada previamente por varios autores, o que pon de manifesto, unha vez máis, a utilidade do traballo de localización e transcrición sistemática da documentación medieval para abordar, *a posteriori*, diversos estudos como defendemos ao inicio deste traballo. Por outra parte, en varias colecciónsdiplomáticas, sobre todo en varias das precedidas por un estudo histórico, incorpóranse táboas e gráficas que evidencian a posibilidade dun tratamento seriado e cuantitativo da documentación foral.

[10] Véxase, por exemplo, un estudo cuantitativo das voces nos foros de San Salvador de Chantada publicado en Pastor *et alii*, *Poder monástico…*, páx. 119, onde, porén, só aparecen recollidos 53 foros e limitados cronoloxicamente até mediados do século XV, ao non ser revisados moitos outros, daquela inéditos, pero hoxe publicados na colección documental de Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada…*, páxs. 153-816.

Centrándonos xa no caso que aquí nos ocupa, o foro de 1496, outorgado polo xuíz de Chantada Afonso de Moure e conservado no Arquivo da Fundación Penzol xunto a outros pergamiños de procedencia diversa, é a concesión dun particular, non dunha institución monástica. Este tipo de contratos –fundamentalmente agrarios, aínda que os bens aforados tamén podían estar ligados ao mundo urbano[11]– foron empregados por particulares como forma de delegar nun terceiro o usufruto dunhas propiedades que eles mesmos podían ter concedidas en foro e que, como vimos, desa forma podían reportarlles importantes beneficios polo seu papel de intermediarios, pero tamén para poñer en explotación os seus patrimonios persoais e, en todo caso, para consolidar a súa posición social e económica no marco das relacións señoriais do momento. No caso do xuíz de Chantada, o documento só indica que o ben aforado era *o meu lugar* que *eu teño* enna *aldea do Regengo, con todas súas casas e viñas e soutos, entradas e saýdas a montes e a fontes por onde quer* que vaan *e pertẽescan ao dito lugar su o signo de Santiago da Riba*. É certo que, fronte a outros documentos forais, neste caso non declara que o citado lugar fora *décimo a Deus*, é dicir, da súa plena propiedade, sen deber por el ningún tributo a un señor[12]. Porén, tampouco hai indicios que permitan afirmar que os bens aforados foran dalgunha institución señorial e, polo tanto, o xuíz estivera subaforando a propiedade.

Aínda que inicialmente o "aforante" declara conceder en foro o lugar que tiña na aldea do Reguengo, na parroquia de Santiago de Arriba ou Santiago da Riba[13], con todo o a el pertencente, ao indicar a renda a pagar obsérvase que Alonso de Moure xa tiña previamente aforadas unhas viñas de Santiago da

---

[11] Pastor *et alii*, *Poder monástico…*, páxs. 235-302.

[12] Sobre estas herdades "décimo a Deus" e a loita pola propiedade campesiña no século XV, véxase María Luz Ríos Rodríguez, "El valor de las escrituras: resolución de conflictos entre señores y campesinos en la Galicia bajomedieval", *Edad Media. Revista de Historia* 11 (2010), páxs. 162-165. Pola contra, no foro outorgado en 1500 por Afonso de Moure, notario e veciño de Santiago, ao que me referirei *infra*, fálase *do meu lugar, dízjmo a Deus, d'Esteriz* (ARG, *Colección de documentos en pergamiño*, n.º 598). Iso si, nun documento de 1499, sen que teñamos certeza de que se trate do noso xuíz ou do notario homónimo de 1500, hai referencia a un home que subaforou unhas propiedades en San Cristovo de Fornas *sacando o prado que de min ten Afonso de Moure*, o que evidencia a existencia de prácticas de foro e talvez subforo por parte dos Moure. Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada…*, doc. 288, páxs. 643-644.

[13] Con esta última forma aparece en Sebastián de Miñano, *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal Vol.VII*, Madrid, Imprenta de Pierart-Peralta, 1827, páx. 252, onde se fala do "Reguengo, Aldea Ecl. de España en Galicia, provincia y obispado de Lugo, jurisdicción de Asma. Es una de las que componen la parroquia de Santiago de Riba".

Riba a outro home. Refire, daquela, a existencia dun foro anterior que non chegou até nós –ou polo menos non o localizamos polo momento– a favor de Álvaro de Río Pedroso. En todo caso, os beneficiarios do segundo foro debían respectar a concesión foral precedente pero, unha vez que chegara *a fin do foro de Áluaro de Río Pedroso,* que *se tornen estas ditas viñas de Santiago da Riba a vós o dito Fernand Pérez e a vosas vozes*.

O foro foi entregado a un matrimonio, o conformado por Fernando Pérez de Soutaríz e a súa muller Tareixa Afonso, e, posteriormente, pasaría a dúas persoas, *anbos* que *sejan fillos ou fillas* que *ambos ajades de consún*. Isto fai pensar en que estamos ante un foro a favor dun matrimonio novo, sendo esperable que tivera descendencia. No caso de tela, convén destacar que o "aforante" non condiciona a sucesión no foro en función do sexo dos potenciais beneficiarios, senón que, como vén sendo habitual no sistema foral galego, ser muller non se converte, en absoluto, nun obstáculo para recibir un foro, ben por concesión directa, ben por sucesión na voz foral. En todo caso, a vontade de que a duración do foro se estendera máis alá da primeira voz –o matrimonio conxuntamente– leva a establecer que, incluso no caso de non ter fillos comúns, o foro recaería nas persoas chamadas a herdar *de dereyto* os bens do cónxuxe supérstite –ben fora o home, ben a muller. Tamén compre destacar a indicación de que o lugar pasaba a ser aforado do mesmo modo que *o trouxeron por Áluaro Corredor [e] Afonso Lodeyro,* que *Deus aja*, evidenciándose que se trataba dunha propiedade que xa viña formando parte dun sistema de explotación indirecto con anterioridade a esta concesión.

Por suposto, a transmisión do usufruto do lugar aforado fíxose a cambio de impoñerlles aos foreiros unha serie de condicións. Antes de especificar a renda, faise referencia á obriga de que os foreiros mantiveran os bens en boas condicións, que os repararan e cultivaran: *sy ouver hi casa que a corregades e labredes, paredes ven as viñas do dito lugar e reparedes e roçedes os ditos soutos*. É un tipo de disposición moi habitual noutros moitos foros do momento, como se comproba facilmente a través da lectura dos outorgados na mesma época polo mosteiro de San Salvador de Asma.

En todo caso, unha das cuestión fundamentais nos contratos forais é o establecemento da renda anual e o seu pago. Neste caso, o "aforante" establece dous pagos distintos. O primeiro, máis inmediato, correspóndese con aquel que tería lugar durante o tempo no que aínda estivera en vigor o foro dunhas viñas de Santiago da Riba a favor de Álvaro de Río Pedroso. O renda para os foreiros de 1496 sería de catro tegas de castañas, xa limpas e escollidas, máis dúas cántaras de viño bo, a pagar no mes de novembro. Ademais, *por foros e dereytos e dereytyras*, é dicir, máis alá do beneficio económico e, polo

tanto, en relación co recoñecemento do señorío, establécese o pago anual dun barril de viño e nove marabedís de pantrigo. Concluída a concesión foral a favor de Álvaro, as viñas que usufrutuaba este pasarían aos novos foreiros que, daquela, verían incrementada a renda anual: de dúas cántaras de viño pasarían a ter que entregar seis –ao fin e ao cabo recibían unhas viñas a maiores–, mentres que as catro tegas de castañas permanecerían invariables.

Finalmente, o foreiro –adquirindo Fernando o protagonismo en primeira persoa pero actuando por el e pola *dita mjña muller e personas*, que, desa forma, queda claro que terían plena corresponsabilidade xurídica– recibiu o foro e ambas partes fixaron unha pena de cincocentos marabedís no caso de incumprimento do contrato.

Tras referírmonos ao contido do foro –o cal non resulta especialmente excepcional se atendemos a outros moitos foros da época–, cómpre atender agora, cun pouco máis de detalle, aos protagonistas do documento, é dicir, ás persoas que se viron involucradas no negocio xurídico. Como veremos, xorden entón diversos interrogantes.

En primeiro lugar, imos centrarnos no outorgante do foro, o xuíz de Chantada Afonso de Moure. Ao falarmos dun xuíz, estamos a referirnos a un dos cargos supremos dentro dos concellos medievais, tamén denominados en ocasións alcaldes ou xustizas. O cargo era temporal –cunha duración anual– e, en canto ao seu número, eran "invariablemente dous (…) tanto nas cidades ben documentadas como nas pequenas vilas onde nos son coñecidos por citas esporádicas, desde Chantada ou Padrón na primeira metade do [século] XIV, ata Noia na segunda do XV"[14]. Trátase, pois, dun membro ben situado dentro da sociedade local e partícipe nas dinámicas sociais, económicas e políticas da contorna[15]. De feito, os Moure conformaron unha estirpe familiar que, desde finais da Idade Media e inicios da Modernidade, "alcanzó con los años un notable protagonismo en la zona, tanto en el concejo como en las casas señoriales de los alrededores de Chantada, e incluso en el propio monasterio"[16]. Sen dúbida, o desempeño de cargos públicos, unha política matrimonial de éxito –procurando sobre todo casamentos hipergámicos– e unha estreita relación

[14] Anselmo López Carreira, *A cidade medieval galega*, Vigo, A Nosa Terra, 1999, páx. 256 e ss.

[15] Sobre as relacións do mosteiro de Chantada co concello da vila na Idade Media, véxase María Teresa González Balasch, "Relaciones entre el monasterio de San Salvador de Asma y el concejo de la villa de Chantada", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXXVII/102 (1987), páxs. 65-77.

[16] Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada*…, páx. 81.

con institucións señoriais como os mosteiros –ingresando dentro dos seus muros[17], transformándose en foreiros dos mesmos ou forxando outro tipo de vínculos con eles– convertéronse nalgunhas das mellores opcións para conseguir unha mobilidade social ascendente. Os Moure, documentados en Chantada, na súa contorna[18] e con proxeccións cara Ourense, fixeron uso deste tipo de estratexias, converténdose nunha parentela de certo renome e cunha posición social ben consolidada na zona, aínda que non resulta sinxelo reconstruír a estas alturas a súa xenealoxía ou vínculos de parentesco[19].

Aínda que máis adiante tratarei de ofrecer unha hipótese sobre os proxenitores do outorgante, Afonso de Moure, xuíz de Chantada, polo momento é preciso sinalar que a pegada deste home pode ser rastreada en diferentes fondos documentais. No do mosteiro de Chantada rexístrase un

---

[17] Por exemplo, en 1497 e 1498 documéntase un Gómez de Moure como *crerigo, capelan del dito mosteyro de Chantada*. Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada*..., docs. 280 e 283, páxs. 632-633 e 637-638.

[18] Un Vasco de Moure, morador *eno Toldao*, documéntase como testemuña en 1463 e un *Afonso de Moure, morador enno Toldaao*, desempeña o mesmo papel noutro de 1474. Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada*..., docs. 203 e 231, páxs. 508-510 e 552-555. No couto de Diomondi, foi outorgado o 19 de xaneiro de 1480 un foro a favor dun Gómez de Moure e da súa muller Aldara Arias. Anos máis tarde, en 1497, o cabido lucense outorgou outro foro a *Gomez de Moure, morador eno Toldaoo, et a vosa muller*. María Xosé Portela Silva, *Documentos da Catedral de Lugo. Século XV*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2005, 2ª ed, doc. 1315, páxs. 486-487 e doc. 1394, páxs. 586-587. Na aldea das Córneas, na parroquia de San Salvador de Asma, foi outorgado en 1513 un foro por parte de Pero López da Barreira, veciño do couto do mosteiro de Chantada, con outorgamento de *Ljonor de Moure, mjña muller, que esté presente* e *outorga* (AHPOu, Clero, carp. 11, n.º 41).

[19] Sobre a Casa de Moure, véxanse algunhas informacións de interese, aínda que sen o desexable aparato crítico, en Luis Campo Fernández, *Casas hidalgas de Saviñao, Chantada y de otrastierras*, A Coruña, Gráficas Venus, 1979, páxs. 158-163. De feito, os Moure son citados en diversas ocasións ao falar das casas fidalgas de Chantada e as terras próximas. Por exemplo, na antedita obra, nas páxs. 19, 23, 41 e ss, faise referencia a Alonso de Moure, que era fillo do primeiro matrimonio de Pedro Vázquez da Somoza, señor da Casa de Torno, quen, á súa vez, sería parente de Gregorio de Moure da Somoza (*Ibidem*, páxs. 33-34). Precisamente, tamén sería unha Moure a muller de Diego da Somoza, da Casa de Meixide Pequeño, chamada Inés de Moure, cuxo fillo, Álvaro da Somoza e Moure establecería en 1540 un vínculo cos bens da casa, que rematarían no citado Gregorio de Moure da Somoza (*Ibidem*, páx. 38). Tamén cómpre recordar que o matrimonio de Inés de Moure, filla dun Alonso de Moure do que falaremos *infra*, con Xoán Suárez da Somoza contribuíu a reforzar o patrimonio da casa de Lagariños, cuxa documentación de Época Moderna foi estudada en Ramón Villares, *La propiedad de la tierra en Galicia. 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI, 1982.

arrendamento do 6 de abril de 1500 polo que lle aforaron a *Afonso de Moure, juyz de Chantada*, unha adega que tiña o mosteiro *a par da yglesia de Santa Maria de Nugueyra* [que] *non rende cousa algunna ao dyto mosteyro*[20]. Entre os documentos da catedral de Lugo, documéntase en 1497 ao cabido de Lugo outorgando un foro cunha casa sita na vila de Chantada a favor de *Afonso de Moure, juiz ena dita vila*, *et a sua muller et a outras duas personas despoys del et da dita sua etc.* (sic)…[21]. Lamentablemente non chegou a nós o nome da muller, que podería sernos de utilidade para identificar mellor ao Afonso de Moure do que estamos a falar. En todo caso, tamén podería tratarse do *Afonso de Moure, visino de Chantada*, que figura como testemuña nunha carta de foro outorgada polo bispo de Lugo nos *palaçios* que tiña en Diomondi o 29 de xaneiro de 1480[22]. Non obstante, esta última mención resulta moito máis insegura polos problemas derivados das homonimias que, como veremos, son especialmente gravosos neste caso.

Como home ben situado na xerarquía socioeconómica, este Afonso de Moure, xuíz de Chantada a finais do século XV, ben podería ter contribuído á promoción artística na súa contorna. De feito, talvez podería ser identificado ou puido ter relación directa co promotor dalgunhas das pinturas da igrexa monástica de Santo Estevo de Chouzán, das que deu boa conta José Ramón y Fernández-Oxea antes do traslado do edificio ao lugar actual con motivo da construción do embalse dos Peares[23]. Precisamente, este autor alude a un "letreiro" de caracteres góticos que dicía: "Esta capilla mandó pintar el muy noble Señor Alonso Demore vecino de Chantada… Monesterio de Choza por el muy Reverendísimo Padre Don Fray Alonso de Toro, Abad"[24]. Ao comparar estas pinturas coas das catedrais de Ourense e Mondoñedo e as de Vilar de Donas, indica que "las aquí estudiadas pueden estar hechas en los comienzos del XV. Si conociésemos la fecha en que fue Abad don Fray

---

[20] Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada*…, doc. 290, páxs. 645-647. Como notario consta *Afonso de Moure*.

[21] Portela Silva, *Documentos da Catedral de Lugo*…, doc. 1393, páxs. 585-586.

[22] *Ibidem*, doc. 1319, páxs. 491-492.

[23] José Ramón y Fernández-Oxea, "San Esteban de Chouzán y sus pinturas murales", *Archivo Español de Arte* 61 (1944), páxs. 10-23. Do mesmo autor, pero tras o traslado da igrexa e a perda de parte das súas pinturas tardogóticas, "As pinturas mergulladas de Chouzán", *Chan* I/16 (1969), páxs. 24-26 e "A descoberta da pintura galega medieval", *Chan* II/24 (1970), páxs. 24-25.

[24] *Ibidem*, páx. 19.

Alonso de Toro, el problema estaría resuelto"[25]. En 1979, tanto Nicandro Ares como Luis Campo Fernández publicaron no xornal *El Progreso* unhas interesantes informacións coas que procederon a revisar a cronoloxía indicada por Ramón y Fernández-Oxea ao aportar novos datos sobre un Afonso de Moure, xuíz de Chantada, –¿ou dous homónimos?– e identificar correctamente ao citado Alonso de Toro[26]. Este último non era senón frei Alonso de Toro, abade de Valladolid, que exerceu o cargo entre 1525 e 1541, como indica Zaragoza Pascual[27]. Despois da reforma monástica iniciada en tempos dos Reis Católicos que levou á supresión da autonomía dos pequenos mosteiros galegos de monxas bieitas para a reclusión destas na clausura do mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares –sempre baixo os auspicios dos reformadores de San Benito de Valladolid–[28], Alonso de Toro non só tería visitado os mosteiros bieitos de Galicia, senón que tería sido prior de Chantada "donde sin duda habría ido a reponerse, pues sabemos que en 1540 estuvo muy enfermo y no asistió al capítulo general del 16 de mayo de 1541"[29]. En todo caso, esta cronoloxía podería ser compatible co noso Afonso de Moure –Alonso de Mo[u]re na inscrición–, tal e como parecen crer Luis Campo e Nicandro Ares, mais tamén cómpre pensar que un cargo como o de xuíz posiblemente non recaería nunha persoa que estivera na súa primeira xuventude. Por iso, puido haber outro Afonso de Moure

---

[25] *Ibidem*, páx. 22.

[26] Nicandro Ares, "Las pinturas de Chouzán y el juez de Chantada, Alonso de Moure", *El Progreso* 29-V-1979; Luis Campo Fernández, "Datos referentes a las pinturas de Chouzán, a Alonso de Moure, juez de Chantada y a Fray Alonso de Toro", *El Progreso* 9-VI-1979; e, outra vez, Nicandro Ares, "Las pinturas de Chouzán y su cronología", *El Progreso* 20-VI-1979. Agradezo novamente a Xosé Méndez Pérez que me facilitara os recortes de prensa nos que aparecen estas noticias pois, aínda que non compartimos algúns aspectos contidos nas mesmas –fundamentalmente a identificación do xuíz de 1496 co de mediados do século XVI–, sen dúbida é xusto recoñecer o conxunto de informacións e preguntas presentadas polos seus autores.

[27] Ernest Zaragoza Pascual, "Abadologio del monasterio de San Benito El Real de Valladolid (1390-1835)", *Investigaciones Históricas. Épocas moderna y contemporánea* 23 (2003), páxs. 215-217.

[28] Sobre esta cuestión, cfr. Miguel García-Fernández, "¿Libertinaje o libertad? Rompiendo la(s) Regla(s) en los monasterios de monjas benedictinas de la Galicia bajomedieval", en José Manuel García Iglesias (dir.), Rosa Margarita Cacheda Barreiro e Carla Fernández Martínez (coords.), *Universos en orden. Las órdenes religiosas y el patrimonio cultural iberoamericano. Opus monasticorum IX*, Santiago de Compostela, Alvarellos Editora, 2016, vol. 1, páxs. 121-152, entre unha extensa bibliografía que aparece citada, en boa medida, nese mesmo traballo.

[29] Zaragoza Pascual, "Abadologio del monasterio...", páx. 216.

dunha posición socioeconómica similar pero cuxo protagonismo social haxa que situalo apenas unhas décadas máis tarde? Alicia Paz Suárez-Ferrín ao estudar a pintura mural galega baixomedieval e indicar varios promotores que lograron legar o seu recordo á posteridade nesas obras, sinala o caso de "Alonso de Moure, juez de Chantada en Chouzán", sen aportar máis informacións[30]. Daquela, foi este xuíz de Chantada o noso "aforante" ou puido ser un homónimo posterior? As homonimias son habituais dentro da documentación medieval e moderna galega, o que dificulta notablemente abordar reconstrucións xenealóxicas e estudos prosopográficos. No caso de Afonso ou Alonso de Moure o problema das homonimias é máis que evidente. Mais, aínda que polo momento non podemos clarificar moitas dúbidas en canto filiacións, si resulta pertinente presentar a continuación algúns datos sobre a cuestión.

Desde o noso punto de vista, cómpre referir a ben coñecida existencia dun homónimo e máis que probable parente do noso "aforante" no século XVI, que non sería senón o Alonso de Moure do que fala Luis Campo no seu artigo xornalístico de 1979, pero que non se correspondería con aquel ao que se refería Nicandro Ares como outorgante do foro de 1496 na noticia aparecida no mesmo xornal uns días antes[31]. O homónimo deste último sería un pouco máis tardío e correspóndese con Afonso de Moure *o Vello*, quen "se casó con María Díaz de Cadóniga [y] que en diversas escrituras de los años de 1547 a 1556 se titula Alcalde y Justicia Mayor de la villa de Chantada y su jurisdicción, Alcaide de la Fortaleza de la villa de Chantada del Marqués de Astorga, Regidor y vecino de la ciudad de O[u]rense que compra unos bienes en San Vicente de Argozón de la jurisdicción de la villa de Chantada, otorga una escritura de subforo que se dice vecino y regidor de la ciudad de O[u]rense… que la renta se habrá de pagar en su casa de morada de la villa de Chantada en donde fue otorgada la escritura"[32]. En 1540 Afonso de Moure foi designado xuíz de Ourense e, tres anos antes, en 1537, recibira xunto á súa muller María un foro de frei Alonso de Segovia, prior do mosteiro de Chantada, institución coa que Afonso de Moure mantivo un preito ante a Chancelería de Valladolid ata a súa finalización en 1558 a través dun acordo

[30] Alicia Paz Suárez-Ferrín, "La iconografía medieval en los murales gallegos de los siglos XIV, XV y XVI. Una vista panorámica", *Anuario Brigantino*, 28 (2005), páx. 326. Certamente, aínda ben entrado o século XVI tanto a caligrafía como a iconografía na pintura mural galega seguían correspondéndose con expresións tardogóticas (*Ibidem*, páx. 311).

[31] Ares, "Las pinturas de Chouzán y el juez de Chantada…".

[32] Campo Fernández, *Casas hidalgas…*, páx. 160.

que levou ao mosteiro a aforar ao propio Afonso diversas propiedades[33]. O que está claro é que, en diversos documentos datados en 1537 e contidos nos apeos da facenda e lugares do mosteiro de Chantada, consta un *Alonso de Moure* como *juez de la dicha villa de Chantada e su tierra, alfoz e jur*[is]*dición*[34]. Tamén se documenta reiteradamente en 1543 un Alonso de Moure como veciño e meiriño da vila e terra de Chantada[35]. E en 1547 continúan as noticias sobre un *Alonso de Moure, juez de la villa de Chantada*, que recibe polo menos dous foros con viñas[36]. ¿Poderiamos sospeitar que estamos ante o mesmo Afonso de Moure que cinco décadas atrás estaba outorgando un foro no que se presentaba como xuíz de Chantada como dá a entender Luis Campo no xornal en 1979? Desde o meu punto de vista, parece evidente que non, tendo en conta unha cronoloxía excesivamente dilatada se o segundo Afonso de Moure exercía cargos públicos en Chantada en 1537 e incluso aparece como alcalde da fortaleza de Chantada outorgando un foro a favor de Alonso de Quintela o 15 de febreiro de 1546[37], é dicir, cincuenta anos despois de que o noso "aforante" apareza como xuíz de Chantada. Daquela, sendo claramente dous os que chegaron a exercer cargos no concello chantadés entre finais do século XV e a primeira metade do século XV, foi o segundo e non o primeiro o verdadeiro promotor das pinturas de Chouzán?[38]. Parece ser así, aínda que

---

[33] *Ibidem*, páxs. 160-162.

[34] AHN, Clero Secular-Regular, L. 6234, f. 1r. e ss. Ao final deste libro e a través do Portal de Archivos Españoles PARES (<http://pares.mcu.es/>), consérvanse uns fragmentos en papel que conteñen un documento de Carlos I e a súa mai dona Xoana I a favor do mosteiro de Chantada, en cuxa parte posterior con data do 6 de febreiro 15[3]7 tamén figura *el señor Alonso de Moure, juez de la dicha villa de* [Chantada] e su *tierra*, *alfoz e jur*[isdi]*són* polo Marqués de Astorga.

[35] AHUS, Protocolos, S-87, ff. 88r-94v., 136r.-136v.

[36] José Méndez Pérez, "Libros de la Catedral de Lugo en el Archivo Histórico Nacional depositados a raíz de la desamortización", *Lucensia. Miscelánea de Cultura e Investigación* XV/31 (2005), páx. 385.

[37] Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada*..., doc. 353, páxs. 741-743. Como testemuña neste documento tamén figura Fernando de Moure, *fyjo de Fernando de Moure*, un exemplo máis das homonimias dentro dos Moure. Este documento será recordado con motivo do nomeamento da segunda voz en 1585, é dicir, en tempos de Alonso de Moure de Losada, neto do alcaide Afonso de Moure, *o vello*, como fillo que era de Martín de Losada e da filla do alcaide, Ana de Moure (*Ibidem*, doc. 355, páxs. 758-759).

[38] Tamén cómpre recoller aquí o indicado por Ferro Couselo sobre o segundo destes homónimos: "Alonso de Moure Losada era fillo de Rodrigo de Moure, en 1510 xuíz de Chantada (o mesmo a quen se alude nas pinturas de Chouzán) e estivo casado en primeiras nupcias con María Díaz, de quen tivo a Ana de Moure, que casou con Martín de Losada

sería necesario abordar un estudo detido da documentación na que se fai referencia aos Moure, para clarificar o tema e, sobre todo, para coñecer o máis que probable parentesco entre eles, non só pola homonimia senón tamén polo feito de compartir unha traxectoria destacada no exercicio do poder, tendo en conta que desde o período baixomedieval moitos cargos públicos foron patrimonializados por membros de determinadas familias ou liñaxes[39]. Quedan, pois, moitos interrogantes por resolver á hora de clarificar filiacións e cronoloxías[40].

Ante a falta de datos máis concretos, nesta breve achega tampouco resulta sinxelo clarificar con exactitude a relación entre o outorgante do foro, o xuíz Afonso de Moure, e o notario que lle deu validez xurídica ao mesmo. Estamos de novo ante un caso de homonimia entre parentes? Coido que é así. Neste sentido, cómpre ter en conta que os notarios ocuparon unha destacada posición social no seo da sociedade baixomedieval, procedendo moitos deles de familias da elite e, ás veces, non só os seus familiares senón tamén eles mesmos chegaron a desempeñar diferentes cargos na administración local[41].

---

e a Inés de Moure, quen á súa vez casou con Juan Suárez de Somoza. Do seu segundo matrimonio tivo a Antonio de Moure, que morreu sen sucesión. Polo seu testamento, outorgado o 12 de xaneiro de 1559, deixou o tercio e quinto a dona Juana Giménez e ó fillo de ambos, o que deu lugar a un preito entre aquela e mais as fillas do primeiro matrimonio". Xesús Ferro Couselo, *Obra selecta*, Vigo, Galaxia, 1996, páx. 62, nota 10. Outro preito tamén xurdiu entre o fillo de Inés de Moure, da Casa de Lagariños, e o neto de Ana de Moure, Martín de Losada e Puga (Fundación Penzol, *Monografías*, 77).

[39] De feito, os autores consultados difiren en canto á xenealoxía do propio Alonso de Moure *o Vello*. Contrástese o indicado na nota precedente co que se di en Campo Fernández, "Datos referentes a…": "Alonso de Moure, hijo de Fernán de Moure, juez de Chantada, casado con María Díez de Cadórniga cuya familia tenía enterramiento en la iglesia de San Francisco de Orense se le conocía por Alonso de Moure "el Viejo" para distinguirle de otro Alonso de Moure, "el Mozo" su sobrino, hijo de Rodrigo de Moure, regidor de Orense, casado con Inés Rodríguez de Mari y Gómez das Seixas".

[40] Quero insistir en que para iso será preciso consultar fondos arquivísticos diversos e atender ás habituais vacilacións gráficas á hora de escriturar nomes. Por exemplo, datado no ano 1527 consérvase un foro do mosteiro de Santa María de Oseira a favor dun *Afonso de Moyre,* veciño de Chantada (ARG, *Colección de documentos en pergamiño*, n.º 1100). Tamén ligado aos fondos de San Paio de Antealtares atopamos algunhas noticias de interese como un poder outorgado en 1536 pola abadesa dese mosteiro, dona Catalina de Ulloa, a favor de *Alonso de Moure, vezino de Chantada*, para cobrar a lexítima que lle correspondía ao mosteiro por herdanza da monxa Beatriz Enríquez (AHUS, Protocolos, S-20, ff. 163r-164r).

[41] É un tema ben coñecido. Breves apuntes para o caso dos notarios de Santiago e a súa terra en Mercedes Vázquez Bertomeu, *Notarios, notarías y documentos en Santiago y su tierra en el siglo XV*, Sada, Ediciós do Castro, 2001, páxs. 28-29, especialmente notas 22 e 23.

Sexa como for, en Chantada exerceron como notarios varios homes chamados Alonso ou Afonso de Moure. Sen dúbida, é imposible identificar o Afonso de Moure que se presenta neste foro de 1496 como notario na vila de Chantada e o seu alfoz polo Marqués de Astorga co homónimo que tamén aparece como notario en varias escrituras das últimas décadas do século XVI[42]. Ademais, entre ambas datas atopamos outras alusións a un Afonso de Moure como escribán e notario público de Chantada polo marqués de Astorga –sucede, por exemplo, nun documento outorgado o 5 de abril de 1531[43]– que, á espera de concretar cronoloxías e parentescos, reforza a idea dunha saga de notarios homónimos exercendo dito oficio en Chantada ao longo do século XVI.

Que sucede ao revisar a documentación anterior? Desde cando podemos documentar ao noso notario ou a outros parentes homónimos no cargo? Examinando os pergamiños medievais do mosteiro de San Salvador de Chantada, un Afonso de Moure aparece reiteradamente como notario na maior parte dos documentos outorgados desde 1466. Estamos ante unha ampla cronoloxía –1466 e 1496– que, sen imposibilitar a identificación, cando menos si pode provocar algunha sospeita, tendo en conta a longa continuidade dos Afonsos de Moure no cargo nas seguintes décadas.

O 3 de decembro de 1466 localizamos por primeira vez a un Afonso Moure como *notario de noso sennor el reyet seu notario publico en a sua corte et en todos seus regnos et senorios* nun foro outorgado por frei Gómez, monxe de Chantada, a favor de Afonso de san Pedro e do seu irmán Pedro[44]. A súa presenza continúa en numerosos documentos posteriores, fundamentalmente en foros como os datados o 30 de decembro de 1466[45]; o 5 de xaneiro de 1468 –neste caso a favor dun Pedro de Moure, clérigo de San Fiz de Asma, fillo de Roi de Moure–[46], o 3 de setembro dese mesmo ano –a favor de Fernán de Moure,

---

[42] Así sucede, por exemplo, nunha escritura de arras do 25 de abril de 1581 outorgada "a fe del escribano de la villa de Chantada, Alonso de Moure" ou noutra do 17 de xuño de 1591 "ante Alonso de Moure, escribano de Chantada" polo que ratifica unha escritura de dote. Esta referencias proceden de Campo Fernández, *Casas hidalgas*…, páxs. 16 e 20.

[43] Manuel Milián Boix, "El fondo «Instrumenta Miscellanae» del Archivo Vaticano. Documentos referentes a España (853-1782)", *Anthologicaannua* 15-16 (1967), doc. 718, páxs. 804-804.

[44] Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada*…, doc. 207, páxs. 516-517.

[45] *Ibidem*, doc. 208, páxs. 517-518.

[46] *Ibidem*, doc. 209, páxs. 518-519. En 1487, aínda atopamos un *Pedro de Moure, clerigo de San Fiz*, como testemuña nun documento de Chantada (*Ibidem*, doc. 256, páxs. 591-592).

veciño de Chantada, e da súa muller Leonor González–[47]; o 7 e o 11 de xaneiro de 1469[48]; o 15 de setembro de 1470[49]; o 19 de febreiro, o 21 de marzo, o 21 de xullo, o 7 de agosto e o 20 de outubro de 1471[50]: o 2 e o 17 de xaneiro, así como o 8 de agosto de 1472[51]; o 23 de marzo de 1473 –trátase doutro foro do mosteiro a Fernán de Moure e á súa muller Leonor González–[52], nese mesmo ano tamén o 23 de outubro, o 3 de novembro e o 13 de decembro[53]; o 28 de xaneiro de 1474[54]; o 21 de marzo –noutro novo foro a favor de Fernán de Moure e Leonor Gómez[55]–, o 18 de maio e o 13 de xullo dese mesmo ano[56]; o 17 de novembro de 1477[57]; o 8 de setembro de 1479[58]; o 13, 23 e 31 de xaneiro, o 16 de xuño, o 17 de outubro e o 28 de novembro de 1480[59]; o 28 de febreiro, o 28 de maio, o 30 de xullo e o 16 de outubro de 1481[60]; o 3 de xaneiro e o 17 de xullo de 1483[61]; o 2 de xaneiro e o 28 de febreiro de 1486[62]. Ademais, o mesmo notario figura noutro tipo

---

[47] *Ibidem*, doc. 212, páxs. 523-525. Pedro de Moure, clérigo de San Fiz, aparece como testemuña.

[48] *Ibidem,* docs. 213-214, páxs. 525-528.

[49] *Ibidem*, doc. 216, páxs. 530-531.

[50] *Ibidem*, docs. 217-221, páxs. 531-538.

[51] *Ibidem*, dosc. 222-224, páxs. 538-543.

[52] *Ibidem*, doc. 225, páxs. 543-544.

[53] *Ibidem*, docs. 227-229, páxs. 546-550.

[54] *Ibidem*, doc. 230, páxs. 551-552.

[55] *Ibidem*, doc. 231, páxs. 552-554.

[56] *Ibidem*, docs. 233-234, páxs. 556-558.

[57] *Ibidem*, doc. 236, páxs. 559-560.

[58] *Ibidem*, docs. 238-239, páxs. 562-565. No primeiro destes dous documentos figura como testemuña *Afonso de Moure, o Moço*.

[59] *Ibidem*, docs. 240-246, páxs. 565-577. Os documentos 244 e 245 son os primeiros nos que Afonso de Moure indica ser notario público da vila de Chantada e do seu alfoz polo señor da vila, neste caso *por meu sennor don Rodrigo Osorio*.

[60] *Ibidem*, docs. 247-250, páxs. 577-583. No documento 249 do 30 de xullo Afonso de Moure xa di ser notario público de Chantada e do seu alfoz *a la mercede del Marques de Astorga, meu sennor*, coincidindo coa expresión contida no documento aquí editado (*vid. infra*). O documento 250 do 16 de outubro está redactado en castelán, mais a subscrición notarial de Afonso Moure, notario de Chantada *por meu sennor don Rodrigo Osorio*, está en galego.

[61] *Ibidem*, docs. 251-252, páxs. 583-587.

[62] *Ibidem*, docs. 253-254, páxs. 587-590. O doc. 254 é o primeiro no que nomea como marqués de Astorga a Pedro Álvarez Osorio.

de negocios xurídicos, caso dun acordo entre particulares realizado en Chantada o 24 de marzo de 1478[63]. O que resulta evidente é a reiterada presenza de Afonso de Moure como notario de Chantada entre 1466 e 1486.

Porén, o 15 de agosto de 1486 o abade de Chantada outorgou un foro cuxa validación notarial veu da man de Lois Rodríguez de Meixonfrío[64]. Interesa destacar que, neste caso, os beneficiarios foron *Afonso de Moure, notario, vysino da vyla de Chantada, et a vosa muller Maria Fernandes*, que recibiron unha herdade na aldea de Muradelle, *que se chama a herdade d'Ourense*. Mais, é este o notario que viña aparecendo na documentación de San Salvador de Chantada como encargado de escriturar e dar validez á maioría dos documentos desde dúas décadas atrás? Podería ser. O que está claro é que este Afonso de Moure, casado con María Fernández, parece ser o mesmo que figura nun foro outorgado o 2 de abril de 1473 polo abade de Chantada a favor *Afonso de Moure et a vosa muller Maria Fernandez* –aínda que nada di da súa condición de notario–[65] e, con total seguridade, o que figura noutro foro outorgado o 27 de maio de 1489 polo abade de Chantada a favor de *Fernando de Moure, vizino de Chantada, et vosa muller Lionor Gonçalvez, que soodes absentes, como si fosedes presentes, et a vos Afonso de Moure, notario, et a vosa muller Maria Fernandez,* no que queda claro que este Afonso de Moure era irmán de Fernando ou Fernán de Moure, pois fálase expresamente dos *beens de vos o dito Fernando de Moure et Afonso de Moure, voso irmaao*[66]. Neste foro, ademais, ofrécesenos unha nova pista sobre as homonimias dentro desta familia: os que actúan como receptores do foro foron *o dito Afonso de Moure, por min, et Afonso de Moure, fillo de Fernando de Moure, en nome do dito seu padre, que presentes estamos*. Desta forma, os que comparten nome son tío e sobriño e o tío é claramente identificado como notario. Tamén o foi o sobriño nunha cronoloxía posterior? Ou talvez ese sobriño foi o xuíz e non o notario que outorgou o documento de 1496 que publicamos neste traballo? En todo caso, o notario que recibiu foros en 1486 e 1489, marido de María Fernández, é o notario dese nome que viña redactando os documentos do mosteiro de Chantada desde 1466? Ou puido ser outro parente homónimo o notario que

---

[63] *Ibidem*, doc. 237, páxs. 560-562. Entre as testemuñas figura Fernando de Moure.

[64] *Ibidem*, doc. 255, páxs. 590-591.

[65] *Ibidem*, doc. 226, páxs. 545-546. Cómpre destacar que, fronte ao resto de foros do mosteiro precedentes e posteriores nunha cronoloxía próxima, este non foi outorgado polo notario Afonso de Moure senón polo escribán *Juan Gomes*, o que podería reforzar a idea de que se trata dun foro a favor do que viña figurando como notario nos foros que outorgou o mosteiro de Chantada por esa época.

[66] *Ibidem*, doc. 262, páxs. 602-603.

figura na documentación entre 1466 e 1486, sendo estoutro, notario nun tempo posterior e posiblemente o de 1496?

Neste punto debemos referir a existencia dunha interesante carta de arras que pode aportar algo de información sobre a familia dos Moure. O 8 de agosto de 1484, na Rúa Nova de Ourense, *Fernán de Moure, mercador, e sua muller Lionor Gonçalues, e o seu fillo Afonso de Moure*, estiveron presentes no outorgamento das arras que fixo Afonso a favor de *Elvira, filla de Afonso de Prado e de sa muller Elvira Fernandez que sya nóbea en tanbo (…) por vygynidade do seu corpo*[67]. O noivo entregoulle a Elvira os lugares de Faluche, segundo o tiñan Fernando de Moure e a súa muller *en foro do mosteiro de Chantada*. Entre as testemuñas figura un *Afonso de Moure, notario, morador en Chantada*. Parece máis que probable que esteamos ante o tío e sobriño que citamos máis arriba: o notario Afonso de Moure, marido de María Fernández, sería o tío do Afonso de Moure que casou coa ourensá Elvira e que era fillo do mercador Fernán de Moure e da súa muller Leonor González, citados no indicado documento de 1489. De feito, a relación de Fernán e Leonor co mosteiro de Chantada xa se documenta desde 1460, cando recibiron dos monxes unhas propiedades en foro *segundo que as trajia de juret de maao Afonso de Moure en foro por lo dito mosteyro*[68], recibindo outros, como xa indicamos, en 1468 –neste caso incluía unha casa na vila de Chantada[69]–, en 1473[70] e en 1474[71]. Anos máis tarde, en 1495, entre as testemuñas dun documento de San Salvador de Asma figura un *Fernan de Moure, juez de […]*[72]. A pesar da rotura que hai no pergamiño, cómpre sospeitar que estamos ante un xuíz de Chantada que non sería excesivamente arriscado pensar que podería ser o mesmo Fernán citado nos foros de 1460 e 1489, irmán do notario Afonso de

---

[67] Xesús Ferro Couselo, *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, Vigo, Galaxia, 1967, vol. 1, doc. 99, páxs. 184-185.

[68] Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada*…, doc. 200, páxs. 504-505. Parece máis que probable que este Afonso de Moure citado no documento estivera emparentado directamente con Fernando, tendo en conta a frecuencia coa que moitos bens forais foron concedidos a membros da mesma familia. Por outra parte, os foreiros comprometéronse a dar *por enpraço*: *todas las herdades que foron de Constança Yanes, que son mynnas et da dita minna moller, sub signo de Santiago da Riba et de Santa Maria de Canporramiro*. Isto supón localizar bens en mans dos Moure na mesma freguesía onde se situarían os bens aforados polo xuíz Afonso de Moure –¿fillo de Fernando de Moure e dona Leonor?– no foro de 1496.

[69] *Ibidem*, doc. 212, páxs. 523-525.

[70] *Ibidem*, doc. 222, páxs. 543-544.

[71] *Ibidem,* doc. 231, páxs. 552-554.

[72] *Ibidem,* doc. 278, páxs. 627-628.

Moure, marido de Leonor González e, consecuentemente, pai doutro Afonso de Moure. Talvez este último substituíu ao pai no ano seguinte, sendo elixido xuíz de Chantada? Coido que desta forma cobra sentido a hipótese de que no documento de 1496 poderían estar presentes dous Afonso de Moure que non serían senón o tío notario e o sobriño, talvez nesa altura xuíz de Chantada, despois de que o fora anteriormente seu pai, o mercador Fernán Moure, quen, na súa madurez, chegaría a desempeñar un posto relevante na comunidade.

Mais, as dúbidas sobre se o Afonso de Moure de 1466 é o mesmo que o de 1496 xorde en gran medida ao ler un documento do 14 de febreiro de 1487 recollido na colección diplomática de San Salvador de Asma[73]. Ao final do mesmo –en lingua castelá e non en galego, que é a lingua na que está redactado o foro–, o escribán e notario Roi Fernández di que *esta dita carta de foro saqué de los libros et notas et registro que fueron et quedaron de Afonso de Moure, escrivano*. Todo apunta a un posible falecemento do notario Afonso de Moure, aínda que pode xurdir a dúbida de se a data de 1487 corresponde á do outorgamento do foro ou ao momento de redacción do documento. De todos modos, o caso é que, con posterioridade a 1486, non aparece ningún documento feito polo notario Afonso de Moure até que reaparece en 1494. O 3 de novembro dese ano, o mosteiro de Chantada outorgou un foro a Pedro Claro e á súa muller Leonor Gómez que *eu Afonso de Moure* (...) *escripvy a pedimento das ditas partes*[74]. Quen outorgou a vintena de documentos que median entre ambas aparicións do notario Afonso de Moure? Desde 1488 o protagonismo indiscutible recaeu en *frey Juan de Riqueixo, prior do dito mosteyro et notario in todos os coutos*[75]. Daquela, ¿é posible pensar que un Afonso de Moure exerceu como notario entre 1466 e 1486, morrendo nese ano ou no seguinte e que, despois, talvez un fillo ou parente homónimo foi o que reapareceu na documentación como Afonso de Moure, notario, tendo ao mesmo tempo un parente homónimo que talvez puidera ser o noso xuíz? Pola contra, máis alá da noticia do foro de 1487, ¿podería ter sido Afonso de Moure, irmán de Fernán de Moure, o que exerceu entre 1466 e 1496 como notario, falecendo pouco tempo despois? O caso é que en 1499 figura como notario e escribán público de Chantada polo Marqués de Astorga un *Roy Albo* que nesa data sacou de *un libro de notas que fue y quedó de Afonso de*

---

[73] *Ibidem,* doc. 256, páxs. 591-592. Entre as testemuñas figura o clérigo de San Fiz Pedro de Moure.

[74] *Ibidem*, doc. 276, páxs. 624-625.

[75] *Ibidem*, docs. 257-270, páxs. 592-617 e doc. 272, páxs. 618-620.

Moure, notario que fue de la dicha villa de Chantada, unha carta de foro[76]. Cando menos un notario chamado Afonso de Moure morrera antes desa data. Mais ao ano seguinte, en 1500, xa temos novos documentos feitos por un novo notario público de Chantada chamado Afonso de Moure[77], que, todo apunta a que é o mesmo que, presentándose como *Afonso de Moure, notarjo, vezjño da vila de Chantada,* outorgou un foro a favor de Afonso de Estevan o 18 de xullo de 1500 coa *metade do meu lugar, dízjmo a Deus, d'Esterjzet a metade das casas* e *soutos e herdades* (…) *do dito lugar* que *tragía a jure a maao Vaasco d'Esterjz*[78]. Ademais, como xa indicamos, adentrándonos no século XVI, o cargo de notario de Chantada seguiu ligado, en boa medida, aos [Afonsos de] Moure[79], ampliando un marco cronolóxico que, en todo caso, imposibilita pensar nun único notario de Chantada chamado Afonso de Moure desde 1466.

Como vemos, son moitos os interrogantes que se nos presentan ante as homonimias e as informacións dispersas recompiladas. Porén, o que está claro é que non pode ser desbotada a posibilidade de que na segunda metade do século XV exerceran como notarios de Chantada e a súa contorna, cando menos, dous notarios diferentes chamados Afonso de Moure. Talvez

---

[76] *Ibidem*, doc. 288, páxs. 643-644.

[77] *Ibidem*, doc. 290, páxs. 645-647.

[78] ARG, Colección de documentos en pergamiño, n.º 598. Entre as condicións impostas ao foreiro cómpre destacar a construción dunha casa de pedra e madeira, reparar, rozar e enxertar os soutos ou pagar en xaneiro *oyto teegas de castañas secas* e *linpas e escolleytas, medidas por teega dereyta de Chantada*, así como *sete cántaras de vjño boo, sen agoa,* e *sen maao sabor, medjdo por cántara dereyta da felegresía de Nugueyra, pago en la vosa adega de Nugueyra | pago por san Martiño de novembro* e *por serujços daredes un boo touçjño pago por Natal con vn varril de vjño et dez brancas vellas ou tres* moravedís *vellos por elas* e | *vós* e *o dito Lourenço Rabel* e *Afonso López* e *vosos yrmaaos* que *me veñaas a onrrar á festa de santa Marjña*.

[79] En 1504 documéntase ao xa citado *Roy Albo* como *escrivano et notario publico en la villa de Chantada et su tierra et jurdiçion, hescusador de Afonso de Moure, notario publico que es de la dicha villa et tierra de Chantada*. Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada*…, doc. 294, páxs. 652-653 e tamén en doc. 297, páxs. 657-659 do mesmo ano; en 1506, docs. 300-301, páxs. 661-664, figurando no primeiro destes *escusador que era en aquel tiempo de Afonso de Moure, notario que foy de esta dicha vylla de Chantada*, tempo pasado que desaparece en mencións posteriores como na do ano 1509, doc. 305, páxs. 668-669. En 1505 actúa como escusador de Afonso de Moure Pedro Rodríguez (*Ibidem*, doc. 299, páxs. 659-661). En 1508 volve aparecer signando un documento Afonso de Moure (*Ibidem*, doc. 303, páxs. 665-666). Con data de 1526, un documento de foro practicamente ilexible pasou ante Afonso de Moure (*Ibidem*, doc. 346, páx. 724). Noutro documento de 1527 asinou por Gregorio de Piñeiro *Alonso de Moure*, escribán de Chantada, quen figura como testemuña xunto a outros como Vasco de Moure (*Ibidem*, doc. 349, páxs. 730-732). Referencias cronolóxicas máis tardías xa foron indicadas *supra*.

o segundo –o que aquí máis nos interesa– sexa o *Afonso de Moure o moço* que aparece como testemuña nun dos foros outorgados o 8 de setembro do 1479. ¿Ou pode que ese *moço* simplemente fora o sobriño do notario documentado desde 1466 e durante varias décadas, sendo identificable ese notario co irmán de Fernando de Moure, pai do novo Afonso de Moure? Daquela, ¿pode que haxa continuidade e sexa un mesmo Afonso de Moure o que exerce durante máis de 30 anos como notario? Pola contra, ¿poderiamos pensar na existencia dun segundo notario chamado Afonso de Moure que talvez fora fillo do notario homónimo e, ademais, curmán do tamén homónimo xuíz de Chantada? O certo é que, para complicar máis as dificultades de identificación, o *signum* notarial que figura no documento de 1466 e o que aparece no pergamiño de 1496 resultan sumamente parecidos.

AHN, Clero, carp. 1074, nº 20



AFP, Colección B docs. Soltos, Pla-04/196

Nun primeiro momento, esta semellanza fíxonos pensar que podería confirmar a identificación entre o Afonso de Moure responsable dun e doutro documento, mais, atendendo ás referencias indicadas e á ampla cronoloxía na que se repite o uso do mesmo signo notarial[80], pode considerarse a posibilidade de que, do mesmo xeito que o oficio de notario pasaba con notable asiduidade de pais a fillos ou entre parentes, os notarios dunha mesma familia poderían herdar ou imitar os *signa* notariais dos seus predecesores no oficio. O estudo do notariado medieval galego aínda está pendente de ser abordado a pesar

[80] De feito, o signo notarial do Afonso de Moure que aparece dando fe pública nun foro outorgado o 27 de novembro de 1508 continúa presentando a mesma estrutura que o do notario homónimo de 1466 como se comproba a través do Portal PARES para o documento: AHN, Clero, carp. 1098, n.º 10. No caso de considerarmos ser o mesmo, isto suporía atribuír á mesma persoa, cando menos, un período de 42 anos exercendo como notario en Chantada.

dalgunhas contribucións xa publicadas[81]. Tamén se botan en falta estudos específicos sobre os *signa* notariais[82]. Pero talvez cando se avance en ambas liñas de traballo poida ser confirmada ou refutada a hipótese suxerida. Polo momento, cómpre advertir que esta posibilidade xa foi apuntada por algún outro investigador ao referir que foi empregado por diferentes notarios "el mismo signo notarial como manifestación de pertenencia a una familia"[83].

En todo caso, igual que o Afonso de Moure que figura no foro de 1496 como xuíz de Chantada aparece noutros fondos documentais, sucede o mesmo co(s) Afonso(s) de Moure, notario(s) de Chantada. Así, nun documento de Oseira outorgado polo escudeiro Xoán de Nogueira no mosteiro de Chantada en xaneiro de 1474 rexístrase como escribán e notario público a *Afonso de Moure*[84]. Tamén entre a documentación da catedral lucense, cómpre sinalar que nun foro outorgado polo cabido de Lugo ao escudeiro Xoán Vázquez de Milleiros e á súa muller Beatriz Nogueirol, filla de Sancho Pérez Bugueirete, o 16 de marzo de 1480, faise mención á dimisión dos bens aforados que fixera Sancho Pérez *por un instromento signado de Afonso de Moure, vesino de Chantada, escripvano et notario de nuestro senor el Rey*[85].

---

[81] Emilia Bouza Álvarez, "Orígenes de la notaría. Notarios en Santiago de 1100 a 1400", *Compostellanum* V/4 (1960), páxs. 233-412; Manuel Lucas Álvarez, "El notariado en Galicia hasta el año 1300. Una aproximación", en *Notariado público y documento privado: de los orígenes al siglo XIV*, Valencia, Generalitat Valenciana, 1989, vol. 1, páxs. 331-480; José Ángel Rey Caíña, "Scriptores y notarios en el monasterio de Ferreira de Pallares", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXXIX/104 (1991), páxs. 77-93; Vázquez Bertomeu, *Notarios, notarías…*, ou, xa adentrándonos na Época Moderna, o recente traballo de Rodrigo Pousa Diéguez, "Escribanos y notarios en la Galicia del Antiguo Régimen. Una aproximación a su tipología y características", *Cuadernos de Estudios Gallegos* LXV/131 (2018), páxs. 255-282. Outras contribucións aparecen en obras con obxectivos máis amplos pero sen deixar de atender ao notariado. Véxase, a modo de exemplo, Enjo Babío, *Colección documental…*, vol. 1, páxs. 93-135.

[82] Algunhas claves en Eva M.ª Mendoza García, "«En testimonio de verdad»: los signos de los escribanos públicos", *Baetica. Estudios de Arte, Geografía e Historia* 35 (2013), páxs. 299-312. Véxase tamén Carlos Sáez, "El signo como emblema", *Anuario de Estudios Medievales* XXXIII/1 (2003), páxs. 339-363; e Carlos Sáez e Amelia García Medina, "Los otros signos", *Cuadernos de Estudios Gallegos* LI/117 (2004), páxs. 207-218.

[83] Tomás Puñal Fernández, "Estrategias políticas en torno a la implantación del notariado en el norte de Castilla: la abadía de San Salvador de Oña", *En la España Medieval* 40 (2017), páx. 429.

[84] Pablo S. Otero Piñeyro Maseda, *Colección diplomática del monasterio cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense). Vol. V. 1435-1485*, Santiago de Compostela, Tórculo, 2008, doc. 2917, páxs. 296-297.

[85] Portela Silva, *Documentos da Catedral de Lugo…*, doc. 1325, páxs. 503-504.

Só incorporaremos unha última noticia documental coa queremos deixar constancia da complexidade do asunto e dos talvez inútiles esforzos por clarificar, de momento, as cronoloxías e vínculos dos Afonsos de Moure que documentamos como notarios a finais do século XV. En 1492 outorgou o seu testamento o nobre Diego de Lemos, quen, ao final do mesmo, declara telo feito *por ante Alonso de Moure de Chantada e Alonso Moure de Toldaos, notarios*, ás portas da fortaleza de Ferreira[86]. Así consta no traslado de dito testamento realizado por Pedro López da Barreira, escribán e notario público de Chantada, quen declarou sacalo *de las notas e registros que quedaron del dicho Alonso de Moure, notario que fue de la dicha Villa, mi antecesor*[87].

Por outra parte, a relación dos Moure co oficio de notario en Chantada viña de tempo atrás. Na colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Asma documéntase a Rodrigo Ares de Moure como *notario publico en Chantada et en seu alfos por meu sennor Pedro Alvares Osorio* desde 1442. O 26 de xullo dese ano aparece redactando dous foros outorgados polo abade de Chantada don Juan García: un a favor de Vasco de Deus e o outro para Vasco Pérez do Marzo, alfaiate, e a súa muller Aldonza Vázquez[88]. Outro foro do 21 de decembro a favor de Rodrigo das Casarizas e a súa muller Margarida Afonso tamén contén o *signum* do mesmo notario[89]. O 17 de xaneiro de 1443 continuaba sendo notario público de Chantada como consta nun novo foro do mosteiro, neste caso a favor de Fernán Marcos[90]. Tamén nun foro do deán lucense don Juan García de Melgosa, feito no propio mosteiro de Chantada o 14 de xaneiro de 1445, o encargado de redactar e dar fe pública do documento foi *eu Rodrig[o] Ares de Moure, notario publico en Chantada et en seu [alfos] [...] senor don Diego Alvares Osorio Conde de Trastamara...*[91]. O 8 xaneiro de 1448, Rodrigo reaparece na colección diplomática do mosteiro

---

[86] Manuel Martínez Sueiro, "*Diego de Lemos (conclusión)*", *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* V/104 (1915), páxs. 135-144.

[87] Este Pedro López da Barreira parece ser a persoa deste nome que aparece documentada na colección documental de Chantada, cando menos desde 1510, exercendo como escribán e notario público no mosteiro de Chantada e nos seus coutos, terra e xurisdición. Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada*..., doc. 307, páxs. 670-671 e ss.

[88] *Ibidem*, docs. 178-179, páxs. 473-475. Entre as testemuñas consta un *Gomes de Moure, o Moço*, en ambos casos.

[89] *Ibidem*, doc. 180, páxs. 475-476.

[90] *Ibidem*, doc. 181, páxs. 476-477.

[91] Portela Silva, *Documentos da Catedral de Lugo...*, doc. 1067, páxs. 201-211.

de Chantada como notario polo conde de Trastámara don Pedro Álvarez Osorio, concretamente responsabilizándose do traslado dun foro outorgado polo abade a favor de Gonzalo Fernández de Goxeba e á súa muller Elvira Ares[92]. As referencias indirectas ou directas ao notario continúan en anos posteriores. O 8 de setembro de 1451, por exemplo, tivo lugar en Monforte unha avinza entre os abades de Chantada e de San Vicente do Pino na que se alude a un poder dado polo abade de Chantada ao prior frei Gómez *synado et firmado do nome et synno de Rodrigo Ares de Moure*[93]. O 5 de xullo de 1452 Rodrigo foi responsable do foro concedido por Gómez de San Pedro, con outorgamento da súa muller Tareixa Yáñez, a favor do matrimonio conformado por Gonzalo Zapateiro e María Casada[94]. A última mención a Rodrigo Ares de Moure como notario data do 9 de setembro de 1454 nun novo foro outorgado polo mosteiro de Chantada a favor de Inés Fernández de Belesar e a tres voces máis, comezando polo seu fillo Afonso Gómez[95]. Xa desde 1455 figura como notario público de Chantada Gómez Yáñez de San Pedro[96], até que en 1466 aparece o xa referido Afonso de Moure.

En todo caso, cómpre insistir unha vez máis en que a finais do século XV e ao longo do século XVI atopamos varios homes chamados Afonso de Moure, cuxo parentesco parece ser incuestionable pero cuxa homonimia xa tería provocado no seu momento a necesidade dunha diferenciación documental a través da incorporación de "etiquetas" ou alcumes moi habituais na documentación do momento como os de *o vello* ou *o mozo*. De feito, se xa en 1479 aparecía como testemuña un *Afonso de Moure, o moço*[97], en 1509 volve a figurar outro *Afonso de Moure, o moço, escudeyro, vezino da vyla de Chantada*, quen, xunto á súa muller Leonor Álvarez, recibiu un foro do mosteiro de Chantada[98].

---

[92] Méndez Pérez *et alii*, *El monasterio de San Salvador de Chantada*…, doc. 183, páx. 479. Entre as testemuñas do traslado figura Pedro de Moure, clérigo.

[93] *Ibidem*, doc. 186, páxs. 482-484.

[94] *Ibidem*, doc. 187, páxs. 484-485. Entre as testemuñas consta Fernán de Moure.

[95] *Ibidem*, doc. 188, páxs. 485-487.

[96] *Ibidem*, doc. 189, páxs. 487-489 e ss.

[97] *Ibidem*, doc. 238, páxs. 562-563.

[98] *Ibidem*, doc. 305, páxs. 668-669. Este talvez podería ser o Afonso de Moure que figura nun poder do 15 de decembro do ano 1535 outorgado polo bacharel Xácome Álvarez de Figueroa e a súa muller María Álvarez de Quiroga a Rodrigo Gómez, escribán, e a Xoán Gómez, veciños de Chantada, para reclamar os bens que deixara *Alonso de Moure, el moço, ya defunto*, *padre de mj, la dicha María Álbarez de Qujroga* (AHUS, Protocolos, S-173, ff. 627r-628r).

O que resulta incuestionable é que os Moure tiveron un destacado papel entre finais da Idade Media e os inicios da Modernidade na contorna de Chantada, onde desempeñaron diversos cargos como os de notarios, xuíces ou alcaides. Sirvan estes apuntamentos para animar a un futuro estudo sobre os Moure, tanto no referido á reconstrución da súa xenealoxía e redes de parentesco, como no que atinxe ao seu protagonismo social, económico e político en Chantada e noutras áreas da contorna.

Antes de concluír, cómpre prestar atención ás outras persoas que son citadas no documento que sacamos á luz neste traballo. En primeiro lugar, podemos referírmonos aos receptores do foro. Trátase de Fernán Pérez de Soutariz e da súa muller dona Tareixa Afonso. É importante insistir de novo en que, aínda que a recepción aparece encabezada polo marido e, de feito, na parte final do documento toma a palabra el mesmo, figurando en primeira persoa co *eu o dito Fernand Pérez*, o protagonismo e responsabilidade xurídica son compartidos coa súa dona. É moi habitual nos foros da época. De feito, documéntase esta mesma realidade noutro foro que recibiu o mesmo matrimonio do abade de Chantada frei Álvaro da Pena. Así, o 7 de xaneiro de 1489 foi outorgado *foro a vervo a vos Fernan Peres de Soutariz, et a vosa muller Tereyj<a> Afonso, et a hun fillo ou filla que anbos ajades de consun*[99]. É interesante subliñar que os bens aforados estaban situados preto dos que uns anos despois recibiron do xuíz de Chantada, en Santiago da Riba, o mesmo lugar onde estaban *a metade da adega* e un *leyro* que recibiron en 1489. Sen dúbida, ten pleno sentido esta lóxica de procurar a concentración xeográfica dos bens acumulados polos foreiros, aínda que procederan de distintos "aforantes".

No foro outorgado en 1496 polo xuíz Afonso de Moure son citadas, así mesmo, outras persoas que tamén están documentadas na colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Asma. Así, Álvaro Corredor podería identificarse co home deste nome que, xunto á súa muller, *Moor Vasques, et a hun fillo ou filla*, recibiu un foro do abade de Chantada o 7 de agosto de 1471 consistente nun souto[100]. Outro foro outorgado por un particular en 1491 foi concedido *a vos Alvaro Corredor, morador en Begeba*, coa metade dunha leira de viña que posuía do mosteiro de Chantada[101]. No caso de Álvaro de Río Pedroso, podemos sinalar referencias documentais como a que o sitúa entre as testemuñas dun foro de 1481: *Venedito de Pereyra et*

---

[99] *Ibidem*, doc. 259, páxs. 597-598.

[100] *Ibidem*, doc. 220, páxs. 536-537.

[101] *Ibidem*, doc. 271, páxs. 617-618.

Alvaro de Rio Pedroso, omes de pe do dito abade[102]. Tamén podería ser o home que aparece como testemuña nun foro do mosteiro de Chantada en 1489[103] e noutro de 1499[104]. En todo caso, non albergamos dúbidas de que é o mesmo que aparece nomeado nun foro dese mesmo ano, cando se fai referencia á concesión do lugar de Santiago da Riba a Roi de Coenza e á súa muller Leonor Gómez salvo algunhas propiedades como *ho baçelo da Ibia, segundo que ho agora traje Alvaro de Rio Pedroso*[105]. A coincidencia xeográfica coas viñas de Santiago da Riba que Afonso Moure cita no seu foro de 1496 reforza esta identificación. De feito, o 20 de outubro de 1489, o abade de Chantada outorgou o foro co bacelo da Ibia, *segundo que vos agora trajedes a juret a maoo*, ao matrimonio conformado por *Alvaro de Rio Pedroso et a vosa muller Margarida de Bilar*, máis a dous fillos ou fillas[106]. Xa en 1518, no marco dun foro do meiriño do mosteiro de Chantada a favor dun veciño do couto, faise referencia ás *leyras que trae Alvaro de Riopedroso, que son del dicho lugar do Pradayro*, que se lle pide ao foreiro que *ge las dexeys tener et labrar al dicho Alvaro de Riopedroso en todos los dias de su vida, syn persion ninguna*[107]. A pesar da distancia cronolóxica, ben podería seguir sendo o mesmo home.

Como testemuñas estiveron presentes, cando menos, tres homes. Eran Estevo de Nandulfe, Fernando Garabelos e Afonso da Pena. Revisando a colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Chantada, atopamos algunhas referencias a estes homes. O primeiro parece ser o mesmo que volve figurar como testemuña nun foro de 1497[108] e que en 1510 recibiu o foro dunha leira de parte do mosteiro de Chantada[109]. O segundo talvez podería ser, a pesar da distancia temporal, o *Fernan Garabelos, o moço*, que aparece como testemuña nun foro de 1477[110]. Finalmente o único rexistro localizado para un posible Afonso da Pena corresponde a un foro de 1473 no que se fai referencia indirecta a outro foro que tiña *Afonso da Pena*(?) e que lle debería ser *agoardado*[111].

---

[102] *Ibidem*, doc. 247, páxs. 577-578.

[103] *Ibidem*, doc. 261, páxs. 600-602.

[104] *Ibidem*, doc. 285, páxs. 640-641. Neste caso aparece como *Albaro de Rio Pedroso, vecino do mosteyro de Chantada*.

[105] *Ibidem*, doc. 263, páxs. 604-605.

[106] *Ibidem*, doc. 264, páxs. 606-607.

[107] *Ibidem*, doc. 334, páxs. 707-709.

[108] *Ibidem,* doc. 280, páxs. 632-633: *Estevo de Nandulfe, morador en Nandulfe*.

[109] *Ibidem*, doc. 307, páxs. 670-671: *Estevo de Nandulfe, vesino de la fregresia del dicho monesterio*.

[110] *Ibidem*, doc. 236, páxs.559-560.

[111] *Ibidem*, doc. 226, páxs. 545-546.

En todo caso, sirvan estes apuntamentos para introducir o foro que se transcribe a continuación; un pergamiño que queremos recuperar por consideralo un documento complementario aos publicados recentemente na colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Asma, que debe ser examinado en diálogo permanente cos pergamiños editados nesta e que, a pesar da súa conservación no Arquivo da Fundación Penzol en Vigo, forma parte, indubidablemente, do patrimonio histórico-documental das terras do Miño Medio.

2. Edición documental

1496, xaneiro, 16.

Afonso de Moure, xuíz de Chantada, afora a Fernán Pérez de Soutariz, á súa muller Tareixa Afonso e a dúas voces máis un lugar na aldea do Reguengo, sita na freguesía de Santiago da Riba.

Arquivo da Fundación Penzol, Colección B de documentos soltos, PLA-04/196, perg. orix. galego, letra gótica cursiva redonda, 150 x 282 mm[112].

Edita: Bouza Brey, Fermín, "Un documento foral para el estudio de la voz gallego «verbo»", *Cuadernos de Estudios Gallegos* XI/33 (1956), páxs. 144-145.

Cita: Ares, Nicandro, "Las pinturas de Chouzán y el juez de Chantada, Alonso de Moure", *El Progreso* 29-V-1979.

Sabean quantos esta carta de foro viren como eu Afonso de Moure, jujz de Chantada, dou a foro *e* a veruo a vós Fern*a*nd Pérez de Sou|tarjz *e* a vosa muller Tereyja Afonso *e* a dúas personas, anbos q*ue* sejan fillos ou fillas q*ue* anbos ajades de consún e no*n* nos avendo | a dúas personas apús de vós quaes herdaren os vẽes do postromeyro de vós de d*ere*y*t*o, asý vos aforo o meu lugar q*ue* eu teño e*nna* aldea | do Regengo, con todas súas casas e viñas e soutos, entradas e saýdas a montes e a fontes por onde quer q*ue* vaan e pertẽes|can ao d*i*to lugar su o signo de Santiago da Riba, segu*n*d que o trouxeron por Áluaro Corredor [e] Afonso Lodeyro, q*ue* Deus aja, con tal pl*ei*to | e condiçión que sy ouver hi casa que a corregades e labredes, paredes ven as viñas do d*i*to lugar e reparedes e roçedes os d*i*tos soutos | como se eles no*n* percan con mjngoa de labor e de bon param*e*nto, con tal contiçión q*ue* goardedes a Áluaro de Río Pedroso o foro q*ue* de mjn ten | das vjñas de Santiago d'Arriba e q*ue* durante o d*i*to foro de Áluaro de Río Pedroso q*ue* vós me diades de foro e renda, en paz e en saluo, quatro | teegas de castañas secas e linpas *e* escolleytas e dúas cántaras de bõo vjño pagas por cada día

[112] Agradezo moi especialmente a Ricardo Pichel a súa dispoñibilidade e xenerosidade á hora de revisar e mellorar a presente transcrición cos seus comentarios.

de san Martiño do mes de nobenbro, e | por foros e dereytos e dereyturas daredes cada ano vn barril de viño e nove m*oravedí*s de pantrjgo, e a fin do foro de Áluaro de Río Pedroso q*ue* se | tornen estas d*i*tas viñas de Santiago da Riba a vós o d*i*to Fern*a*nd Pérez e a vosas vozes e q*ue* diades de foro cada ano seys cánta|ras de viño e quatro teegas de castañas seg*u*nd q*ue* d*i*to he; e eu faréyvoslas de paz a d*ereyt*o su obligaçi*ó*n de meus vẽes q*ue* pa*r*a elo obli|go. *E* eu o d*i*to Fern*a*nd Pérez así o resçebo e obligo a mjn e a meus vẽes e da d*i*ta mjña mull*er* e personas de atender e conplir *e* pagar | todo o sobred*i*to; *e* nós as p*ar*tes poemos entre nós de pena q*ue* qualquer de nós q*ue* a elo pasar que perca de pena qujñentos m*oravedí*s vellos, | medeos á p*ar*te que o teuer *e* conplir e medeos á voz del rey; *e* pena paga ou no*n*, a carta e foro seja firme *e* valla en seu tenpo. *E* por | q*ue* seja çerto *e* no*n* veña en duda rogamos *e* mandamos ao not*ar*io de yuso es*cri*pto q*ue* faça delo dúas cartas de foro anbas en vn tenor | e as signe de seu signo.



AFP, *Colección B de documentos soltos*, PLA-04/196
(dispoñible en <https://arquivo.galiciana.gal>)

Q*ue* foy feyta *e* outorgada e*n*na vila de Chantada, sábado, a dez *e* seys días do mes de janeyro, ano | do nasçem*en*to do noso señor Ih*es*u *Cris*to de mjll *e* quatroçentos e noventa e seys anos.

Testigos q*ue* foro*n* presentes: Esteuoo de | Nandulfe e Fern*a*nd Garavelos e Afonso da Pena e outros.

E eu Afonso de Moure, es*cri*puano de cámara de noso señor el rey | e seu not*ar*io p*úbli*co enna súa corte e en todos seus regnos e señoríos, e not*ar*io públjco enna vyla de Chantada e seu alfoz a la m*erçe*d | del mar*qué*s de

Astorga, meu señor, a todo o sobred*i*to presente foy e esta c*art*a de foro por out*r*o fize es*cri*puyr e aq*uí* puje en ela meu nome | e signo fjz en testemuja de v*er*dade q*ue* tal he.

(Signo notarial) Afonso de | Moure, not*ari*o.

3. A modo de peche

O obxectivo principal deste traballo estaba claro desde o principio: recuperar para a historiografía e facer unha primeira análise do foro outorgado polo xuíz de Chantada Afonso de Moure en 1496, cuxo contido contribúe a informar sobre unha realidade histórica chantadesa que, para o período medieval, coñecemos fundamentalmente a través da documentación do mosteiro de San Salvador de Asma. Máis alá da non excepcionalidade do texto –é un foro máis entre moitos outros, aínda que, fronte á maioría dos conservados, non foi outorgado por unha institución monástica senón por un particular–, procurouse editar e estudar o documento como exemplo dun pergamiño complementario aos publicados na colección diplomática do citado mosteiro xa que, xunto con aqueles, contén interesantes referencias sobre as xentes da contorna de Chantada e sobre un contexto socio-económico concreto: o da Baixa Idade Media do Miño Medio. Agardo que desta forma outros investigadores tamén se sensibilicen coa necesidade de recuperar cada un dos nosos pergamiños ou textos medievais –ás veces dispersos por moi diferentes fondos arquivísticos– e que se animen a combinar o seu estudio coa edición pois, ademais de que esta sempre é de grande utilidade ao facilitar o acceso da comunidade de investigadores ás fontes, é unha realidade iso que se vén dicindo de que "o que non se divulga non existe".

Por outra banda, no caso deste foro concreto, o breve estudo introdutorio serviunos para abrir unha serie de interrogantes para os que polo de agora pode que non teñamos respostas definitivas pero que, precisamente por iso, agardo que sirvan de estímulo para avanzar nun futuro próximo no coñecemento dunha destacada familia de notarios de Chantada: os Moure. En todo caso, a modo de hipótese, proponse a identificación do outorgante, o xuíz Afonso de Moure, co fillo do mercador Fernando de Moure e da súa muller Leonor González, sendo, por tanto, sobriño do notario de Chantada Afonso de Moure, quen estivo casado cunha María Fernández. O noso xuíz sería, pois, o Afonso de Moure que en 1484 outorgou na cidade de Ourense unha carta de arras a Elvira, filla de Afonso de Prado e de Elvira Fernández, para o seu casamento con ela. De cara a futuros estudos, será preciso clarificar a parentela dos diferentes Moure que fomos rexistrando e, moi especialmente, os vínculos entre os varios Afonso de Moure que se documentan desde mediados do século XV até finais do século XVI na contorna de Chantada.